



Macau, lusofonía e Galicia: cara a unha nova xeografía educativa.

Description

Esta pequena RAE (Rexión Administrativa Especial), cunha historia e un patrimonio cultural de mixtura sino-portuguesa, desempeña un papel fundamental como plataforma de cooperación entre a República Popular de China (RPC/China) e os países lusófonos. Porén, foi tras a celebración do 25.º aniversario do retorno de Macau á soberanía chinesa, co discurso de Xi Jinping, cando o ano 2025 marcou un novo compromiso de Macau para promover unha maior internacionalización e cooperación cos países de fala portuguesa, conectar a Guangdong-Hong Kong-Macau Greater Bay Area¹ coa educación superior internacional e contribuír á implementación do principio de “un país, dous sistemas”.² Neste contexto, analizar o papel clave que xogan as institucións educativas é fundamental.

A construción dun sistema educativo de alta calidade é un dos principais eixes de acción do goberno de Macau. As súas universidades impulsan a internacionalización das estratexias educativas e reforzan a cooperación con universidades lusófonas a través de programas conxuntos, intercambios e bolsas. O máximo expoñente disto é a *University of Macau* (UM), herdeira do *St. Paul's College* fundado en 1594 polos xesuítas europeos, a primeira universidade de estilo occidental no territorio. É un claro exemplo da imaxe e da herdanza que Macau reivindica na súa proxección internacional, consolidándose como o máximo expoñente da conexión histórica entre Oriente e Occidente.³

Hoxe, a UM aplica a súa estratexia de internacionalización denominada “4S”, baseada en catro principios: Estratéxica (*Strategic*), Sustancial (*Substantial*), Específica (*Specific*) e Sustible (*Sustainable*).⁴ Isto significa que ten forxado alianzas con institucións portuguesas como a Universidade de Lisboa, a do Porto e a de Coimbra, esta última cun novo programa de bolsas aprobado en outubro de 2025.⁵ Tamén mantén cooperación con outros países como Brasil e ocupou cargos relevantes no ámbito universitario lusófono, formando parte da Cátedra UNESCO sobre o Diálogo Intercultural dos Patrimonios de Influencia Portuguesa^{6,7}; ou exercendo a vicepresidencia da *Associação das Universidades de Língua Portuguesa* (2021-2027) e acollendo en 2026 a 35.ª reunión anual da mesma asociación.⁸

Outras universidades tamén seguen esta liña. A City University of Macau (CityU), por exemplo, en 2025 abriu un novo capítulo de colaboración multifacética coa súa misión de promover a Rede de Innovación e Transferencia do Coñecemento (*Knowledge Innovation & Transfer Network*) entre China e os países de fala portuguesa e latinoamericanos da iniciativa do Cinto e a Ruta.⁹

Esta última iniciativa é especialmente interesante, pois non só amosa pontes de entedemento con países de lingua portuguesa, senón tamén unha apertura cara a Iberoamérica, ampliando a rede de Macau como espazo de conectividade tanto luso como hispano.

En relación con isto, e de interese para España, no seu discurso do 1 de Outubro (Día Nacional da RPC), o xefe do Goberno de Macau, Sam Hou Fai, anunciou a creación dun novo centro de cooperación que incluí tamén os países de fala castelá, subliando o papel de Macau como ponte entre China e o mundo iberoamericano.¹⁰ Aínda que non se coñecen máis detalles sobre o proxecto, esta proposta sen dúbida influirá no ámbito de actuación e interese das institucións de educación superior macaenses, ao crear novas ligazóns co mundo académico hispano e ofrecer maiores oportunidades aos seus profesionais cualificados neste proceso.

Mais se Iberoamérica entra en xogo e o castelán se suma a este proceso, cal será o papel do noso país, e en especial de Galicia, como outro punto cultural e fronteira histórica de conexión entre a realidade lusa e hispánica para Macau? Esta cuestión sobre as novas oportunidades de diálogo académico e a perspectiva global das institucións académicas será, sen dúbida, un dos temas clave a seguir durante o mandato do novo goberno de Macau.

1 Un dos principais espazos mundiais de innovación, investigación e emprendemento, con empresas como Huawei.

2 Xinhua. *Xi stresses adherence to one country, two systems as Macau SAR celebrates silver jubilee* [Xi destaca a adhesión ao principio de un país, dous sistemas mentres a RAE de Macau celebra o seu vixésimo quinto aniversario]. • *Goberno da República Popular da China*, 20 de decembro de 2024. https://english.www.gov.cn/news/202412/20/content_WS6765206bc6d0868f4e8ee283.html

3 University of Macau (UM). *UM expands global partnerships on multiple fronts* [A UM amplía as súas colaboracións internacionais en múltiples fronteiras]. • *My UM*, nº 125. Tradución ao inglés: Davis Ip. 13 de agosto de 2023. <https://www.um.edu.mo/news-and-press-releases/campus-news/detail/56283/>

4 *Ibid*

5 Mendes, Teresa. *Universidade de Coimbra reforça cooperación académica e cultural com a Universidade de Macau* [A Universidade de Coimbra reforza a cooperación académica e cultural coa Universidade de Macau]. • *Diaspora Lusa*, 14 de outubro de 2025. <https://www.diasporalusa.pt/universidade-de-coimbra-reforca-cooperacao/>

6 Tradución ao galego do título: *UNESCO Chair on Intercultural Dialogue on Heritages of Portuguese Influence*

7 University of Coimbra (UC). *University of Coimbra strengthens academic and cultural ties with University of Macau* [A Universidade de Coimbra reforza os lazos académicos e culturais coa Universidade de Macau]. • Texto: Rui Marques Simões; tradución ao inglés: Diana Taborda. 15 de outubro de 2025. <https://www.uc.pt/en/uc-news/articles/university-of-coimbra-strengthens-academic-and-cultural-ties-with-university-of-macau/>

8 University of Macau (UM). *UM's Academic Cooperation with Higher Education Institutions in Portugal* [A cooperación académica da UM con institucións de educación superior en Portugal]. • *UM Magazine*, nº 31. Texto: Bell Leong, Davis Ip; reporteiros da UM: Wang Chuyue, Tracy Li. 12 de maio de 2025. <https://www.um.edu.mo/news-and-press-releases/campus-news/detail/61033/>

9 City University of Macau (CityU). *CityU delegation, Portugal's universities sign cooperation agreements to strengthen academic ties* [Delegación da CityU e universidades portuguesas asinan acordos de cooperación para fortalecer os lazos académicos]. • *City University of Macau*, 7 de xullo de 2025. <https://cityu.edu.mo/en/cityu-delegation-portugals-universities-sign-cooperation-agreements-to-strengthen-academic-ties/>

10 Ferreira, Fernando M. *I hope we now have the opportunity for a more direct approach [with Macau]* [Aguardo que agora teñamos a oportunidade dun enfoque máis directo con Macau]. • *Plataforma Media*, 13 de outubro de 2025. <https://www.plataformamedia.com/en/2025/10/13/i-hope-we-now-have-the-opportunity-for-a-more-direct-approach-with-macau/>

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

China e o mundo chinés

ETIQUETAS

China Lusofonía Portugal Iberoamérica

INVESTIGACION

Unión Europea Observatorio de la Política China Observatorio Galego da Lusofonía Relacións Internacionais
Paradiplomacia Cooperación Internacional e Axenda 2030 Economía

Date Created

Novembro 7, 2025

Meta Fields

Autoria : 110676